

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE AGOSTO DE 2020

Ás 10:48 horas do día 13 de agosto de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 10 de agosto de 2020, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente/a** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>o</sup> José Ignacio Oliveira López, xefe Museos Municipais (asiste aos puntos 2 e 4 )  
D<sup>o</sup> Jesús Nuñez-Torrón López, xefe Área Benestar Social-Xefatura Acción Social (asiste aos puntos 2 e 4)  
D<sup>a</sup> Ruth Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e Servizos (asiste aos puntos 2, 4 e 11)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Blanco Rodríguez, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341)(emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 7 de agosto de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U para que emendase a documentación persoal, presentando a documentación en prazo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:40	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4D-C1D229-BBBH83-LUB3WK-89FQUT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301)(emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 6 de agosto de 2020, o 7 de agosto de 2020, se concedeu un prazo de tres días a ATENDO CALIDADE SL para que emendasen a documentación persoal, presentando a documentación en prazo.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a ATENDO CALIDADE SL por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**c) Procedemento aberto das obras do proxecto de "nova grada de marcador do estadio municipal de balaidos"(493-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. CIVIS GLOBAL, S.L.U
  2. UTE FCC CONSTRUCCION, S.A.-PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
  3. FERROVIAL CONSTRUCCION, S.A.
  4. UTE ORECO-ORTIZ
  5. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
  6. S.A. de Obras y Servicios COPASA
  7. UTE BALAIIDOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:40	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4D-C1D229-BBBH83-LUB3WK-89FQUT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



#### 4- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

##### b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

##### c) Procedemento aberto das obras do proxecto de "nova grada de marcador do estadio municipal de balaidos"(493-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 11.- Propostas de adjudicación

##### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (476-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:40	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4D-C1D229-BBBH83-LUB3WK-89FQUT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:40	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4D-C1D229-BBBH83-LUB3WK-89FQUT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Acto seguido comunica que con data 31 de xullo de 2020 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar a resolución de clasificación deste procedemento e se requiriu a presentación da documentación esixida polo artigo 150 da LCSP e as cláusulas 8, 22 e 24 do PCAP. O licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días ao seguinte licitador para que poida emendar a documentación presentada:

### UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA):

De conformidade coa cláusula 8.4.3º e apartado 5C do Anexo I do PCAP a solvencia técnica acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que **inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado**. Considerarase acreditada a solvencia **se nalgún dos últimos tres anos** acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato. Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Á vista do exposto e da documentación presentada deberá emendar a documentación presentada para acreditar a solvencia técnica mediante servizos ou traballos **realizados nos últimos tres anos** (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) debendo incluír **importe, datas e o destinatario**. E, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:40	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4D-C1D229-BBBH83-LUB3WK-89FQUT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		